

Para máis información

Teléfono do IES de Cacheiras: 881866473

ou nos enderezos electrónicos:

ies.cacheiras@edu.xunta.gal

imato@edu.xunta.gal

Especificando no asunto:

“SECCIÓN BILINGÜE”

MATEMÁTICA EM PORTUGUÊS



Costenla 36 – Cacheiras (Teo)

<http://www.edu.xunta.es/centros/iescacheiras>



Que é unha sección bilingüe?

É a organización do ensino dunha área ou materia non lingüística da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria ou bacharelato, ou dun módulo de formación profesional específica, que se cursa nun nivel por un grupo de alumnos ou alumnas dun xeito bilingüe, na lingua cooficial que corresponda e nunha lingua estranxeira falada na Unión Europea, que é impartida como área ou materia ao devandito grupo de alumnos e alumnas. **No caso do IES de Cacheiras, será en portugués na área de matemáticas.**

ORDE do 12 de maio de 2011 (DOG 20/05/2011)

Estrutura da sección bilingüe

O alumnado que participe nunha sección bilingüe **cursará obrigatoriamente a lingua estranxeira da devandita sección.**

O currículo das áreas, materias ou módulos non lingüísticos das seccións bilingües será o establecido na normativa vixente.

Requisitos para participar

Poderá acceder ás seccións bilingües o alumnado matriculado en calquera dos cursos das etapas para os cales o seu centro estea autorizado.

O alumnado que forme parte dunha sección bilingüe **non poderá abandonala antes de rematar o curso escolar**, salvo por razóns xustificadas ante a dirección do centro e coa autorización desta.

A incorporación dun alumno ou unha alumna a unha sección bilingüe **requirirá a autorización por escrito dos pais, nais ou titores/-as legais.**

Vantaxes de cursar unha sección bilingüe

O alumnado que sexa cualificado positivamente na área, materia ou módulo obxecto da sección bilingüe **recibirá unha credencial oficial expedida polo centro conforme participou nunha sección bilingüe, que se fará constar mediante dilixencia no seu historial académico.**

O número mínimo de alumnado para desenvolver unha sección bilingüe será con carácter xeral de **12 alumnos/-as**. Isto permitirá a creación de **grupos máis reducidos.**

O departamento da correspondente lingua estranxeira comprometerase á **coordinación co profesor ou profesora de área, materia ou módulo non lingüísticos da sección bilingüe, así como ao posible apoio ao alumnado no desenvolvemento**

de clases de reforzo de idioma. Para tal fin, cada sección bilingüe deberá ser coordinada polo profesorado que imparte a lingua estranxeira ao grupo de alumnado. Haberá unha persoa coordinadora por cada sección bilingüe.

Por que escollemos no IES de Cacheiras o portugués?

Por ter un vocabulario específico da materia moi semellante ao das nosas linguas oficiais, polo que non aumenta a dificultade da materia impartida na lingua estranxeira. Ao mesmo tempo, supón un reforzo lingüístico importante, ao ser usada como lingua vehicular noutra materia e contar coa axuda dun/ha auxiliar de conversa nativo/a. Isto permite a posibilidade de obter unha certificación de nivel B1 durante a Secundaria Obrigatoria, facendo a correspondente proba na Escola Oficial de Idiomas ou Instituto Camões.

Por ser unha das linguas da UE máis faladas no mundo.

